

SUXESTIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN DOS NOMES DE AUTORES E INSTITUCIÓNS NAS PUBLICACIÓNS CIENTÍFICAS **

Elaborado: Febreiro 2011.

Actualización: 22 de xullo de 2011

Como citar este documento:

Suxestións para a normalización dos nomes de autores e institucións nas publicacións científicas [Internet]. Santiago de Compostela: Consellería de Sanidade; Servizo Galego de Saúde, 2011.

[Elaborado febreiro 2010; actualizada 22 de xullo 2011]. Disponible en:

<http://www.sergas.es/gal/documentacionTecnica/docs/Docencia-Investigacion/Investigacion/NombresGA.pdf>

A falta de normalización dos nomes dos investigadores nas publicacións científicas diminúe a visibilidade dos autores e dos seus centros a nivel nacional e internacional, e dificulta a recuperación das publicacións e das citas por elas recibidas.

1.- RECOMENDACIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN DE AUTORES

Recoméndase asinar os traballos sempre do mesmo xeito, elixir unha forma de firma que identifique o máis claramente ao investigador e o distinga dos demais. Os investigadores noveis teñen a oportunidade de elixir un Nome Bibliográfico dende o comezo e deben mantelo ao longo da súa vida profesional.

Suxírese utilizar unha das seguintes formas de firma:

1. Opción A. Para autores que desean firmar **cun só apelido**

Nome Apelido1 (Ex. Antonio Moracho)

* No caso de nomes compostos, os autores poden incluír os seus nomes completos, pero é recomendable incluír o primeiro nome completo e a inicial do segundo, evitando que o segundo nome sexa interpretado como primeiro

Nome Inicial Apelido1 (Ex. Antonio M. Moracho)

** No caso de incluír o segundo nome de modo abreviado recoméndase usar a primeira letra e evitar os superíndices.

(Ex. Antonio M. Moracho no lugar de Antonio M^a Moracho)

*** A letra ñ debe manterse.

2. Opción B. Para autores que desexan firmar **con 2 apelidos**

Existe a posibilidade de que o autor desexe empregar os dous apelidos, tal e como se fai no ámbito hispano. Co fin de adaptarse ás pautas anglosaxonas (nome e un só apelido), deben unirse por un guión.

Nome Apelido1-Apelido2 (Ex. Antonio Pérez-Plasencia) o

Nome1 Nome2 Apelido1-Apelido2 (Ex. Antonio M Pérez-Plasencia).

*Non se deben incluír partículas unindo distintos nomes

(Ex. María del Mar)

** No caso de apelidos compostos de partículas, o autor pode manter as partículas que unen distintos apelidos, pero sempre unidas por un guión.

(Ex. Carlos García-de-la-Torre).

2.- RECOMENDACIÓN PARA A NORMALIZACIÓN DOS NOMES DAS INSTITUCIÓN

A falta de normalización dos nomes dos centros nas publicacións científicas diminúe a visibilidade destes a nivel nacional e internacional e dificulta a recuperación das publicacións e das citas recibidas.

Co fin de favorecer a normalización propóñense unhas recomendacións dirixidas ao **centro de traballo** dos autores

Nome do Servizo ou grupo (se procede), centro (nome oficial completo e acrónimo, se existe), institución da que depende, dirección postal, cidade, e país.

** No caso de hospitais que pertencen a un complexo hospitalario, será o nome do complexo o que aparecerá como nome do centro.

(Ex. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago no lugar de Hospital Clínico)

- Servizo de Medicina Interna. Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHU-AC). SERGAS. As Xubias, 15006. A Coruña, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital Arquitecto Marcide. Área sanitaria de Ferrol. SERGAS. Avda. da residencia s/n. Ferrol. 15405, A Coruña. España.
- Servizo de Medicina Interna. Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS). SERGAS. Travesía da Choupana s/n, Santiago de Compostela. 15706 A Coruña, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital Virxe da Xunqueira. SERGAS. Paseo Pepe Sánchez 7, 15270. Cee. A Coruña. España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital Comarcal da Barbanza. SERGAS. Lugar

Salmón s/n. 15993. Riveira, España.

- Servizo de Medicina Interna. Hospital Universitario Lucus Augusti. SERGAS. San Cibrao, s/n, 27003. Lugo, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital da Costa. SERGAS. R/Médico Vior s/n. 27880. Burela, Lugo, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital Comarcal de Monforte. SERGAS. R/ Corredoira s/n. 27400. Lugo, España.
- Servizo de Medicina Interna. Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU). SERGAS. C/ Ramon Puga 52. 32005. Ourense, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital Comarcal Valdeorras. SERGAS. Avda Conde de Fenosa 50. Barco de Valdeorras, 32300. Ourense, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital de Verín. SERGAS. Estrada de Laza, s/n. 32600. Ourense, España.
- Servizo de Medicina Interna. Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP). SERGAS. Mourente s/n, 36071. Pontevedra, España.
- Servizo de Medicina Interna. Hospital Comarcal do Salnés. SERGAS. Lugar de Ande s/n. 36600. Pontevedra, España.
- Servizo de Medicina Interna. Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI). SERGAS. R/ Pizarro. 36204. Pontevedra, España.

No caso de que os investigadores asinantes pertencan a dúas institucións diferentes, por exemplo SERGAS e Universidade, poden asinar con ambas as dúas institucións ou centros de traballo.

- **Nome do Servizo ou grupo (se procede), centro (nome oficial completo e acrónimo, se existe), institucións da que dependen, dirección postal, cidade, e país.**

- Servizo de Medicina Interna. Complexo Hospitalario Universitario A Coruña (CHUAC). SERGAS. Universidade da Coruña. As Xubias, 15006, A Coruña, España.

No caso de institutos ou fundacións de investigación enmarcadas dentro dalgún dos hospitais do SERGAS, serán tratados co mesmo "rango" que ser-vizo, e polo tanto, a forma de citar sería a seguinte.

- **Nome do Instituto (se procede), centro (nome oficial completo e acrónimo, se existe), institución da que depende, dirección postal, cidade, e país.**

- Instituto de Investigación Biomédica (INIBIC). Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC). SERGAS. As Xubias, 15006, A Coruña, España.
- Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS). Complejo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS). SERGAS. Travesía da Choupana s/n, Santiago de Compostela, 15706 A Coruña, España

Recomendacións para a normalización de centros de atención primaria

- Centro de Saúde de XXXX. Xerencia de Atención Primaria A Coruña. SERGAS. Dirección postal, A Coruña, España.
- Centro de Saúde de XXXX. Xerencia de Atención Primaria de Santiago. SERGAS. Dirección postal, Santiago de Compostela, España.
- Centro de Saúde de XXXX. Xerencia de Atención Primaria Lugo. SERGAS. Dirección postal, Lugo, España.
- Centro de Saúde de XXXX. Xerencia de Atención Primaria Ourense. SERGAS. Dirección postal, Lugo, España.
- Centro de Saúde de XXX. Xerencia de Atención Primaria Pontevedra. SERGAS. Dirección postal, Pontevedra, España.
- Centro de Saúde de XXXX. Xerencia de Atención Primaria Vigo. SERGAS. Dirección postal, Vigo, España.

Recoméndase incluír o centro no **idioma orixinal (galego)**, que é o correcto dende un punto de vista lingüístico. Traducilo ao inglés é unha práctica común para facilitar a visibilidade internacional. Non obstante, para evitar a proliferación de variantes e nomes non homologados, recoméndase

facelo só se o centro conta cun nome normalizado previamente e sempre acompañado das siglas correspondentes ao nome do centro na lingua orixinal para garantir a súa axeitada identificación.

3.- RECOMENDACIÓNS PARA A NORMALIZACIÓN DO CORREO ELECTRÓNICO

Aconséllase que a dirección de contacto electrónico sexa a dirección corporativa (@sergas.es)